



Julio López

MESTRE DE VIOLA

Historial Académico

Julio López naceu en San Pedro Sula, Honduras.

Os seus primeiros estudos de viola comenzaron na *Escuela de Música Victoriano López*, co Mestre Rubén Moncada. En 1999 foi becado pola Universidad del Sur de Mississippi para realizar estudos superiores de viola co mestre Dr. Michael Kimber.

En 2003 continuou os seus estudos superiores de viola na *Hochschule für Musik Freiburg*, Alemaña co mestre Wolfram Christ. No mesmo ano foi becado por *Deutsche Stiftung Musikleben* en Alemaña e en 2007, completou a súa formación de viola, graduándose con honra.

Experiencia

Desde 2007 é membro permanente da *Münchner Philharmoniker*, Alemaña coa que realizou xiras mundiais. Desde Xaneiro de 2014, tamén se presentou como violinista principal e músico de cámara xunto ao violinista Henning Krägerud e a Orquesta de Cámara de Tromsø / Orquesta Filarmónica Artica de Noruega.

Tamén é mebro do conxunto de violas, chamado *Tertis Viola Ensemble*, co que gravou un aclamado CD coa firma OehmsClassics.

Como solista presentouse con moitas orquestras, salientando a Orquesta Filarmónica del Ecuador, a Orquesta Filarmónica de Honduras, e a Orquesta de Câmara de San Pedro Sula. Julio López ofreceu recitais en Estados Unidos, Italia, España, Croacia e Alemaña; e foi invitado regularmente a impartir cursos de viola en Honduras, Ecuador e Costa Rica.

Recentemente foi invitado como docente de viola do proxecto *Orquesta Juvenil de Centroamericana*, que está organizada polo Instituto Goethe e o goberno de Alemaña. Como parte da institución Vila música e a Academia de Gustav Mahler colaborou con distinguidos músicos, entre eles Wenn-Sinn Yang da *Hochschule für Musik und Theater München*, Eszter Haffner da *Karl-Franzens-Universität Graz* en Austria, Eszter Haffner da *Hochschule für Musik Freiburg*.

Entre os seus recoñecementos inclúese o primeiro premio do concurso internacional de viola Villas Llanes en 2006, Asturias España. En 2002, foi membro da *USB Verbier Festival Orchestra* e *UBS Chamber Orchestra*, Suiza, tocando por toda Europa, Asia e América.

Participou en proxectos importantes con solistas internacionais incluíndo traballos cos mestres como Hartmut Rohde da *Universität der Künste Berlin*, Walter Kuessner da *Hochschule für Musik Hanns Eisler Berlin*, Roberto Diaz do *Curtis Institute of Music*, USA, Yuri Gandelsman, violinista de *Fine arts Quartet*, *University of Milwaukee*, Wisconsin USA, Michael Kugel do *Gent Conservatory*, Csaba Erdély e Alexander Brussulovsky.

Julio López

Julio López naceu en San Pedro Sula, Honduras. Realiza os seus estudos superiores de viola na *Hochschule für Musik Freiburg* (Alemaña) becado por *Deutsche Stiftung Musikleben*.

Foi invitado en diferentes orquestras como a Orquesta de Câmara de Tromsø e a Orquesta Filarmónica Artica de Noruega.

Forma parte do *Tertis Viola Ensemble* co que gravou un aclamado CD con selo OehmsClassics.

Actualmente é violinista da *Münchner Philharmoniker*.